

Ao fondo do escenario o ruxir estremeecedor do estadio.

No proscenio está O LINIER coa súa bandeira a cadros brancos e amarelos na man. Corre dun extremo ao outro, fronte ao público, paralelo ao proscenio, coa vista perdida na media distancia. De vez en cando levanta a bandeira indicando fóra de banda cara un lado ou cara o outro.

*Cando xa o público comece a remexerse de aborrecemento,
O LINIER para e fálalle:*

O LINIER.—

¿E vostedes que? Aí calados, mirándome ir e vir. A verdade, vir ao teatro para isto. Polo menos o público do estadio protesta, berra, canta, levántase, senta, fai a ola... non é gran cousa, pero fai algo. Vostedes simplemente miran. Si, xa, entendo que se lles faga raro que un linier lles fale, suponse que temos que limitarnos a correr a banda e ver o partido desde fóra, pero, non sei, vinos aí tan formaliños, tan... como esperando algo, que me dixen: oes, fálalles, igual lles gusta. A min polo menos gustaríame. Falarlles a vostedes... gustaríame, si... Claro que, se queren, eu calo e limítome a... (*Move a bandeira significativamente*) ...e así durante noventa minutos. Eu son un mandado. Aínda que non sei que gracia lle poden topar a verme aquí, subindo e baixando a bandeira, como se fose un taxi. ¿Enxeñoso, eh? O do

taxi... (*Como quen explica un chiste*) Antes os taxis levaban unha bandeira, agora xa non, pero séguese-lle chamando así. Baixar a bandeira: expresión pola que se indica que o taxista pon en marcha o taxímetro. Isto é unha metonimia: tomar a parte polo todo, ou o todo pola parte. Perdoen, non quixera parecerlles pedante, pero son profesor de lingua e literatura e... Perdoen un momento.

O LINIER, como se acabase de ver algo especial, deixa de mirar aos espectadores para concentrarse un pouco máis alá, nun punto, definido para el, pero indefinido para os espectadores. De súpeto ponse como firme e levanta a bandeira enerxicamente. Espera un par de segundos e comeza a falar con alguén (o árbitro do partido) que parece estar a medio metro del:

O LINIER.—

O seis ao nove, mentres esperaban a que centrase o oito, estáballe tocando... as partes. (*Ao público*) ¿Ven? Isto é unha metonimia: un home, todo un home, resúmese nunhas partes. (*Ao árbitro.*) Que che digo que si, Rafa, que o vin clarisimamente: así, coa man aberta, como quen toca un piano... de cola... (...) E eu que sei para qué, para romperlle a concentración ou para provocalo. Para ligar supoño que non sería. (...) Non, non, Rafa, non te vacilo. (...) ¿Que se tiña intención de ir á pelota? (*Picado*)

¡Tiña intención de ir ás pelotas, no te jode! Perdón, perdón. (...) Vale, vale, Rafa, como queiras... (*Ve como se afasta RAFA*) ¡Sempre igual, nin caso! En fin, é o que me toca.. (*De súpeto, reaccionando, ponse a bailar un tango coa bandeira*) “Que el mundo es y será una metonimia ya lo sé, en el quinientos dos y en el dos mil también..” Desculpen, é que a min o tango... Pero é certo: o mundo é tremendamente metonímico: uns toman a parte polo todo, outros o todo polo todo, outros o todo pola parte e case todos... a parte que nos toca. Bah, non me fagan caso... Oh, perdón, isto é un dicir... (*Suplicante*) Fáganme caso, si. Fáganme caso, por favor. Polo menos vostedes, que parecen tan amables. Ademais... (*O LINIER achégase o máis posible e fálalle ao público confidencialmente.*) ...voulles facer unha confidencia... (*Prepárase para falar... pero cambia de opinión*) ...non, non debo, non debo. (*Retírase un pouco... pero volve.*) Ou, si, que carai. Pero que quede entre nós, por favor. Todo isto, que eu lles fale e tal, é unha argallada do autor. Díxome el: “Ti cando comece o partido, vas e fálalles”. “¿A quen?”. “Aos espectadores”. “¿A cales, aos de atrás? Non me van oír, están sempre armándoa” (*Imita cantareas de animación de fútbol*). “Non, home, aos de atrás, non, aos de adiante, que eses están calados”. “¿Aos de adiante!? Pero adiante non hai ninguén. Quero dicir, a parte dos xogadores e

de Rafa, non hai ninguén”. “Que si, que hai alguén, ti tranquilo”. (*Visiblemente nervioso*) E eu tranquilo. Dixo que era un bululú. Non sei. A palabra, desde logo, é bonita. Buscouna nunha enciclopedia: “Bululú. Dise do farsante que antigamente representaba el só unha comedia, loa ou entremés, mudando a voz segundo a calidade das persoas que ían falando.” O que pasa é que... eu non son un farsante... non, son máis ben unha persoa seria... a miña vida non ten nada de cómico. Nin nada que contar, en realidade... Quero dicir, que a miña vida non ten historia. Historias ten, historias, si... pero historia... O de todo o mundo: primeiro es neno, logo mozo e botas moza, vas á mili, tes un traballo, casas... ¡Eh!

De repente O LINIER parece que viu algo interesantísimo e, como movido por un potente resorte, estende o brazo cara o público e deixa a bandeira paralela ao chan con cara de satisfacción. Pouco a pouco, a cara váiselle transformando nun frustrado rictus. Finalmente, aceptando a súa derrota, arría a bandeira.

O LINIER.—

(Baixo, resignándose a que ninguén o oia) Estaba clarísimo, un fóra de xogo coma unha catedral. *(Ao público)* Nada: nin puto caso. E así desde pequeno, desde os tempos da escola...

Cargado de raiba, O LINIER tira a bandeira, que cae no centro do estrado e ponse a correr arredor dela, alonxándose e achegándose, como se a bandeira fose un compañeiro de fútbol do patio da escola.

O LINIER.—

(Berrando) ¡Pasa, pasa, pasa que estou só, pasa, Pisas! *(Ao público, sinalando a bandeira)* É o Pisas. ¡Un xogadorazo! Tan bruto na vida como fino no fútbol. ¡Había que velo xogar coa Cruz! Entendíanse de maravilla el e a Cruz. ¡Que pases, que paredes! *(Fai unha pequena demostración)* Nunca vin central e dianteiro tan ben compenetrados: a Cruz e mais o Pisas. E nin falarse precisaban. En fin, o Pisas ás veces faláballe á Cruz, pero ela... *(Fai aceno de boca pecha)* ...recibía, devolvía e santas pascuas. ¡Que parella: o Pisas e a Cruz! Non, non tiñamos ningunha nena no equipo. Daquela non... O que pasa é que no medio do patio había unha Cruz. Un cruceiro que estaba antes nun camiño... ata que o camiño pasou a ser estrada e...

O LINIER adopta un xeito oficial de escritorio e bastón de mando, encarnando ao ALCALDE dirixíndose ao pleno.

O ALCALDE.—

A Cruz estorba. Hai que retirala.

O LINIER.—

...declarou o Alcalde no pleno.

O LINIER transfórmase en DON BAUDILIO, párroco, predicando desde o púlpito.

O SEÑOR ABADE.—

¡Soberbia! ¡Pecado! ¡Anatema! ¿¡A Cruz nunca estorba?!

O LINIER.—

...clamou don Baudilio no púlpito.

O LINIER transfórmase no PISAS, PAI, bébedo personaxe tabernario, agarrado a un chato de augardente.

O PISAS, SENIOR.—

(Estarricando o brazo) Ponme outro, Ulpiano.

O LINIER.—

Pediu o Pisas, na taberna. *(Máis coloquial e directo)* Non, este Pisas non era o outro Pisas. Este era o pai. O Pisas, Senior, pai do Pisas, Junior. ¡Que xogadouro! O Pisas, Junior, non o Pisas, Senior. O Pisas, Senior non era nada... en fin, en tempos quixera ser algo, segundo dicía o Pisas, Junior.

O LINIER *transformase no PISAS, Junior.*

O PISAS, JUNIOR.—

Meu pai quería ser bombeiro, pero non o colleron por fraco de peito. Coitado, non fai máis que laiar-se. Ás veces ata soña en alto.

O LINIER.—

(*De neno*) ¿E que di?

O PISAS, JUNIOR.—

Nada. Fai a sirena. (*Como sonámbulo, móvese por escena facendo o son dunha sirena de bombeiros*) Así toda a noite. ¡Non hai quen durma! Só el, que ten o sono máis pesado que tomar cocido de postre.

O LINIER.—

(*Ao público.*) O sono pesado do Pisas Senior non era polo cocido, que el prefería outros postres... Era pola augardente. Auga e lume: resumo simbólico do fracaso de quen quixera ser bombeiro e acabou en inevitable espectador de todos os incendios da bisbarra. Ata hai quen di que os provocaba el. (*Ao PISAS, SENIOR*) ¿A onde vai, señor Pisas?

O PISAS, SENIOR.—

A min chéirame a fume. Ponme outro, Ulpiano, que a caña espabila o olfato.

O LINIER.—

Cando estaba ebrio todo lle cheiraba a fume.

O PISAS, SENIOR.—

(*Cantando*) “Por el humo se sabe donde está el fuego”.

O LINIER.—

(*Fai que acende unha moto de pequena cilindrada*)
Entón collía a súa Derby cincuenta, que a fada
madríña do alcohol transformaba en camión de
bombeiros e...

O PISAS, SENIOR.—

(*Movéndose pola escena como quen vai en moto*) Ni-
no-ni-no-ni-no-ni-nó... ¡Lume no horizonte!
¡Deixen paso! ¡Veículo prioritario! ¡Aparten do
medio! ¡Aparten, que isto é unha emerxencia!
¡Aparten, que non respondo! ¡Que non respondo!
¡Que non res... ¡¡¡¡pon..!!!! (*Ruídos de ferranchos
nunha colisión. Roda que roda...*) ..do.

O LINIER.—

Aquel día decidiron retirar a Cruz daquela estrada.

DON BAUDILIO.—

¡Pecado mortal!

ALCALDE.—

¡Seguridade Vial!

DON BAUDILIO.–

¡Advertencia celestial!

O LINIER.–

(*Ao público, moi rápido*) Pareado: dise das estrofas formadas por dous versos que riman entre si.

DON BAUDILIO.–

Foi un aviso da Cruz para todos os que non seguen o recto camiño de El Señor.

O PISAS, SENIOR.–

Eu seguino recto, recto, rectiño, señor cura... foi ela, que non se apartou.

ALCALDE.–

¡Hai que retirala!

DON BAUDILIO.–

¡Hai que respectala!

O PISAS, SENIOR.–

(*Estarricando o brazo*) Hai que agarrala. Ponme outra, Ulpiano.

O LINIER.–

E a Cruz acabou no patio da escola. No medio e medio do patio. De central. A idea fora do Pisas, pai. Unha idea... (*Busca unha expresión axeitada*) ¡de bombeiro!

Recuperando o seu ser de neno, O LINIER toma como referencia a bandeira, que segue no medio da escena, e pídelles a pelota.

O LINIER.—

¡Pasa, Pisas! (*Ao público*) Berráballe eu ao Pisas. Pisas, junior. ¡Bo proveito que lle tiraba el á idea do pai! (*O LINIER, neno*) ¡Pasa! (*Ao público*) E pasoulla á Cruz, que lla devolveu. (*O LINIER, neno*) ¡Pasa, Pisas, pasa! (*Ao público*) E o Pisas pasou... pasou de min e mandoulla a Benito, que estaba na outra punta do campo. (*O LINIER, neno*) Beni, Beni... Pasa. (*Ao público*) E Beni pasoulla a Avelino. (*O LINIER, neno*) Ave, Ave... Antón, Antón... Cholo, Cholo, pasa, que estou só. Estou só. Estou só... estou só... estou só... (*Ao público*) Aquel día os meus compañeiros comprenderon que eu correndo inutilmente de arriba para abaixo era un desperdicio, e ascendéronme na alineación, pasei a xogar no posto máis adiantado do equipo, máis adiante incluso que o dianteiro centro, na mesmísima boca do gol. Nós non tiñamos fóra de xogo, así que me puxeron a dúas cuartas da portería. A miña misión: estorbar ao porteiro. Iso si: en caso de haber algunha xogada perigosa, algún balón solto susceptible de ser aproveitado... fuxir de alí rapidamente para non estorbar eu.

Un día que perdíamos seis cero...

O LINIER transfórmase no PORTEIRO CONTRARIO pasando estampillas. De vez en cando mete unha na boca.

PORTEIRO CONTRARIO.—

Si, non, si, non, si, non, si, non...

O LINIER.—

...eu e o porteiro contrario chegamos a intimar. Co balón sempre na outra punta do campo tiñamos lecer para todo tipo de intercambios.

PORTEIRO CONTRARIO.—

...si, non, si, non, si, non, si, non...

O LINIER.—

A colección da liga do setenta, por exemplo.

PORTEIRO CONTRARIO.—

¡¡Betancort!!

O LINIER.—

(Ao público) ¡Betancort! Nin máis nin menos. ¡Excasísima! *(Ao PORTEIRO CONTRARIO)* ¡Esa non cha descambio nin por mil! *(Ao público)* O porteiro contrario sabía que non era farol e contemplaba aquela estampilla como quen está ante un cadro único, inadquirible... ata entón mantivera sempre un ollo no campo contrario, non fora a ser,

pero Betancort precisaba dos dous ollos... Alguén, desde o campo contrario, captou ese momento de despiste e quixo aproveitálo: lanzou un tiro longo e sorpresivo, pero no último momento o porteiro mirouna vir e, instintivamente, tirou os cromos e botouse á pelota. Eu boteime aos cromos, non fora a ser que mos pisasen... Pero a pelota traía efecto e cambiou de dirección... o porteiro, no chan, non puido facer nada por collela, eu, tamén no chan, non puiden facer nada por evitala.

Aquela traición custoume moi cara.

O LINIER divídese en tres: el mesmo, o PISAS e COSTAS, que son as súas mans, usadas a xeito de guiñois e dotadas de voces propias.

O PISAS, JUNIOR (MAN).–

(Botando a sortes polos dedos para escoller equipo. Coa man dereita) Pares..

COSTAS.–

(Coa man esquerda) Nones..

O PISAS, JUNIOR (MAN).–

Chúpame los cojones..

O LINIER.–

(Ao público) Perdoen, (Sinalando a súa man dereita)

É o Pisas, junior, xa lles dixen que era moi bruto. (*Sinala a man esquerda*) Este é Costas. O Pisas e Costas: eran os mellores, por iso escollían os equipos. (*A COSTAS*) Anda, Costas, saúda.

COSTAS.—

Ola, ¿que tal?

O LINIER.—

Veña, Pisas, saúda aí...

O PISAS, JUNIOR, MAN.—

Lambeme o cú.

O LINIER.—

¡¡Pisas!! Un respecto. Veña, empezade.

Bota a sortes entre ambas mans. Gaña PISAS, FILLO (MAN). Despois, con distintas voces, vai cantando sucesivos nomes. Cando PISAS, FILLO (MAN) ou COSTAS pensan, O LINIER móstrase ansioso. Ao dicir cada nome, que nunca é o seu, móstrase decepcionado..

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

Cholo.

COSTAS.—

Libreiro.

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

Arturo.

COSTAS.—

Cándido.

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

Josito.

COSTAS.—

Carlos.

O LINIER (NENO).—

A min, Pisas, a min..

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

Alonso.

O LINIER (NENO).—

Hmmm. Costas, Costas, a min, cólleme a min..

COSTAS.—

Antón.

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

Benito.

COSTAS.—

Cholo.

Sumido na máis amarga decepción, O LINIER ve como as súas mans, o PISAS, FILLO (MAN) e COSTAS, se afastan del, dispostas a ocuparen o centro do campo.

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

¿Campo ou saque?

COSTAS.—

Saque.

O PISAS, JUNIOR (MAN).—

Campo. Aquel.

O LINIER intercambia a posición das súas mans: a dereita vaise á esquerda, a esquerda vaise á dereita. Finalmente déixaas cair, crúzaas sobre si mesmo... e, triste, vaise a un recuncho do escenario, desde onde contempla o partido dos seus compañeiros.

O LINIER.—

Non querían saber nada de min. Eu, desde fóra, mirábaos ir e vir, facer aquelas garatuxes co balón... e figurábame que eu era cada un deles, cada un dos bos, claro, para malo xa estaba eu... (*Animándose e suxe-rindo a xogada coa súa actitude corporal*) E de súpeto o Pisas canea a Avelino e queda só, toca a pelota un par de metros por diante e arranca cara a meta contraria. (*Vai cara ao público*) O Pisas podía cruzar o campo de

lado a lado sen que ninguén lla quitase. Pero niso, pídella Josito Porto, un manta, non sei por que el xogaba e eu non: “Miña, miña, pásama que é miña. É miña...” ¡E pasoulla! (*Arremedando*) “Miña, miña, pásama que é miña”. Aí comprendín a xogada. Tamén eu podería ter un posto fixo no equipo.

O LINIER cambia de actitude e, agora neno, fálalle a outro suposto personaxe.

O LINIER.—

¿Papá, papá?

O PAPÁ DO LINIER.—

¿Que queres?

O LINIER.—

(Ao público) Cando era pequeno... eu nunca vía o meu pai. Estaba sempre... detrás dun xornal. *(Ao PAI)* ¿Cando é o meu cumpreanos?

O PAPÁ DO LINIER.—

Dentro dunha semana.

O LINIER.—

Regálame unha pelota.

O PAPÁ DO LINIER.—

Vouche regalar un canciño.

O LINIER.—

Eu non quero un canciño, quero unha pelota.

O PAPÁ DO LINIER.—

¡Un canciño!

O LINIER.—

(*Ao público*) A cadela da muller do xefe do meu pai... enténdaseme, quero dicir que o meu pai tiña un xefe... (*Coloca o PAI máis alto que o XEFE... pero rectifica*) Non, o meu pai tiña un xefe, o xefe tiña unha muller e a muller tiña unha cadela... A tal cadela tivera cadeliños e, como non eran de raza, colocáranlle un a meu pai, e meu pai quería colocarmo a min. (*A seu PAI*) ¡Unha pelota!

O PAPÁ DO LINIER.—

¡Un canciño!

O LINIER.—

(*Caindo de xoellos ante o pai*) ¡Unha pelota!

O PAPÁ DO LINIER.—

(*De pé, dirixíndose ao seu fillo, de xoellos*) ¡Un canciño!

O LINIER.—

(*Caindo de xoellos ante o pai*) ¡Unha pelota!

O PAPÁ DO LINIER.—

(*De pé, dirixíndose ao seu fillo, de xoellos*) ¡Un canciño!